

Sr. D. Luis Seoane.
BUENOS AIRES.

Querido Luis: Xa fai días que recibín os materiais teus pró número galego de Insula. O artigo de Rafael é moi bó e as reproducións das tuas obras sinxelamente espléndidas. Espero que a revista quede decente.

Non escribín antes porque nistes días aconteceu algo moi tráxico: a morte caseque repentina de Manolo Alvarez Alvarez, a quen tí xa conocías e que pra min máis que un compañeiro ~~ma~~ de profesión representaba un verdadeiro irmán. Sucumbiu a unha espantosa hemorraxia cerebral que acabou con ele en poucas horas. Fai pouco mais dun mes tivera outra, leve, da que se repuxera por completo.

É unha gran perda pra Meiciña galega a deste home que en plena maturidade conseguira chegar a ser un dos mellores médicos do país.

Tdos estamos abraiados e sin humor pra nada. Decididamente, hay que refuxiarse no traballo pra poder superar istas mágoas.

Máis adiante escribireiche con outro vagar.

Apertas de Elena e miñas pra Maruxa. Pra tí unha moi grande de,

Domingo